

Manuel Lois Vázquez e os seus pseudónimos

Teresa Monteagudo

Manuel Lois Vázquez é un escritor que se dedicou á poesía e ao teatro. A súa obra poética é escasa, pero é de gran calidad. A súa poesía é romântica, con influencias de autores como José María de Heredia ou Gustave Flaubert. O seu teatro é de carácter social, con temas ligados á vida rural e á situación económica das persoas. A súa obra poética é composta por dous libros: «Munelasoli» (1892) e «Leunam Siol» (1893). Os seus pseudónimos son «Mefistófeles» e «Leunam Siol». A súa obra teatral é composta por dous libros: «Munelasoli» (1892) e «Leunam Siol» (1893).

RESUMO Artigo que recolle información biobibliográfica sobre o escritor Manuel Lois Vázquez.

O artigo recolle unha detallada documentación biobibliográfica do escritor de Maside, onde indica cales foron as súas obras, as revistas nas que apareceron publicadas e a utilización do pseudónimo «Mefistófeles» ou os anagramas «Munelasoli» e «Leunam Siol», cos que aparecen asinadas algunas das súas creacións.

ABSTRACT

This article contains a detailed bio-bibliographical documentation about this writer from Maside. Teresa Monteagudo points out three main aspects: the works Manuel Lois Vázquez wrote, the journals where they were published and the use of the pseudonym «Mefistófeles» and the anagrams «Munelasoli» and «Leunam Siol», with which some of his writings were signed.

Tentaremos no noso artigo botar un pouquín máis de luz sobre a figura deste pouco coñecido escritor ourensán. Debemos advertir previamente ó lector que na súa produción poética, o mesmo que nos seus textos narrativos, Manuel Lois Vázquez alterna o uso do galego e do castelán. Os escritos en castelán pertencentes ó autor dos que nós temos noticia aparecen recollidos no seu libro *Horas perdidas*¹, pero estes non van ser obxecto do noso estudio nesta ocasión.

Notas biobibliográficas

Manuel Nolasco Lois Vázquez naceu o 29 de xaneiro de 1868 no concello ourensán de Maside. Seus pais, tamén masidaos, foron Francisca Vázquez e Andrés Lois, que exerceu de secretario do concello de Maside tras facelo con anterioridade nos de Carballedo e no Irixo. Sabemos que estivo interno no Colexio Seminario Menor de Nosa Señora dos Milagres en Baños de Molgas, onde só permaneceu un ano. Cursou o seu bacharel no Instituto de Ourense onde foi alumno de Xoán Sieiro González e de Saco e Arce. E temos noticia de que tivo por compaño Heraclio

1. *Horas perdidas*, La Coruña: Imprenta y librería de E. Carré, 1899.

Pérez Placer. Eses anos na cidade das Burgas puxerón o contacto co galeguismo e a ideoloxía do momento. No Ourense da época publicouse *Aires da miña terra* (1880), e tivo lugar o proceso seguido contra Curros, que provocou opinións contrarias nos intelectuais do momento e que influiu, sen dúbida, na ideoloxización da «intelectualidade xuvenil» ourensá deses anos, que reunía na persoa de Curros, progresismo, anticlericalismo e galeguismo.

Acude a Compostela no ano 1884 para cursar o primeiro ano de Medicina, e será durante os anos de estancia nesta cidade cando se intensifique a súa vinculación ós círculos literarios. Destes anos datan a maioría das súas colaboracións nas revistas literarias do momento. Os vínculos cos intelectuais santiagueses, a súa asistencia ós actos sociais, como as veladas literario-musicais celebradas no teatro de Compostela ou no Ateneo León XIII, e mesmo a pertenza a diversos colectivos literarios aparecen testemuñadas nos seus libros, ben nas dedicatorias, ben en notas ó pé.

No ano 1896 logra licenciarse, non sen algunhas dificultades (abandonara os estudos nos cursos 1886-1887 e 1888-1889 e tivo que acudir a Valladolid no curso 1891-1892 por problemas coa asignatura de Fisioloxía), pois, era persoa de saúde feble e esos períodos de afastamento da vida académica tamén puideron ser provocados polas súas constantes afeccións de pulmón, que mesmo lle producirán a prematura morte. En febreiro de 1896 alcanza o grao de licenciado² e a partir de outubro dese mesmo ano exercerá como médico municipal de Maside ata o seu pasamento, o 29 de xuño de 1899, en Maside, cando só contaba trinta e un anos.

Conservamos unicamente dous libros de Manuel Lois Vázquez, áinda que tamén se deu noticia doutras dúas pezas³ datadas no ano 1886: *Ensayos literarios. Suspiros del corazón*, libro de poemas en galego e castelán; e *Don Diego López Pindo*, lenda en verso escrita en castelán; pero ámbalas dúas son descoñecidas.

O primeiro volume do autor, titulado *Brisas Gallegas* publicouse cando Manuel Lois Vázquez tiña vintedous anos. Na introducción, o autor pon de manifesto as súas inquietudes acerca da lingua galega:

¡Difícele tarea é o querer esquirbir con perfeucion n'a nosa meigueña fala! Os que fan rolar pol-as colúnias d'a prensa poesías y-artículos, indefrentes n'o fondo e patreótecos n'a forma, fáns'ó bobo, cerran os oubidos ás escitaciós qu'un amante d'a literatura rexional eleva dend'o mais íntemo d'a y-alma ó ver que, á maneira qu'aumentan as obras esquirtas en gallego, o idioma decrece progresivamente hastra chegar ¡ouh abandono! a non entenderse duas palabras queirán dicir unha cousa.⁴

Esta preocupación pola lingua levouno mesmo a reivindicar a fundación dunha Academia da Lingua neste primeiro libro:

2. Documentos conservados no Arquivo Universitario da Universidade de Santiago de Compostela, Cartapacio 697.

3. Ver Antonio Couceiro Freijomil, *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela: Editorial de los bibliófilos gallegos, vol. II, 1952, p. 294.

132 4. *Brisas Gallegas*, Lugo: Tipografía de Gerardo Castro, 1890, pp. 8-9.

Si o cáncere corrosivo que tira contr'a a estabridá d'o noso idioma non se corta de raíz, estonces sempre será tempo perdido.
¿E como se podría levar á cabo tan laudable como patreóteca empresa?
Co-a Academia Gallega⁵.

Na revista *As Burgas*⁶ recollemos o seu nomeamento como socio honorario da Academia coruñesa, xurdida do desaparecido Folklore Gallego e para a que se estaban a elaborar unhas polémicas listas de candidatos a académicos⁷.

Resulta tamén significativo que o seu primeiro libro se inicie cuns versos de Alberto García Ferreiro, o principal discípulo de Curros e da súa liña de poesía civil de orientación progresista. A este respecto, podemos dicir que por filiación ideolóxica e por intencións literarias, boa parte da poesía de Manuel Lois Vázquez pode ser encadrada dentro da dos seguidores de Curros, aínda que en realidade a prematura morte non lle permitiu unha definición clara e atopamos na súa obra tendencias moi dispares que se acentúan na prosa.

Nas composicións recoñécese tamén facilmente a pegada de Rosalía, como se pon de manifesto na peza titulada «¡Adiós!», unha despedida de Maside ó estilo do «Adiós, rfos; adiós, fontes» da autora de *Cantares Gallegos*, da que mesmo copia algúns versos.

A nómina de escritores e galeguistas con quen tiña contacto Manuel Lois Vázquez pódese establecer a partir das dedicatorias dos seus escritos. Case tódolos destinatarios das mesmas son xornalistas ou escritores, e teñen en común a militancia rexionalista e o progresismo. Alberto García Ferreiro, Filomena Dato Muruais, Manuel Núñez González, Francisco Portela Pérez, Rufino Rivera, Eladio Rodríguez González, Valentín Lamas Carvajal son algúns dos seus homenaxeados.

Horas perdidas é o título do seu segundo libro. Publícalo na Coruña en 1899 e nel anúnciase, «en preparación», un terceiro, *Leyendas y poesías*, que non chegou a ver a luz.

O volume carece de dedicatorias, a excepción dunha inicial a Luís Arroyo de la Torre moza ourensá, filla dun militar e de nai burgalesa con quen ía casar o autor.

A obra constitúea unha recolleita de textos de distintos xéneros: poesía, fábula, relato breve, etc., na súa maioría composicións xa publicadas en revistas e xornais anteriormente e creadas entre os anos 1888 e 1895, como el mesmo reconoce no prólogo:

Momentos de aburrimiento pasados delante de la mesita que cuidadosamente cubría la patrona con un pedazo de tela de sobrecamas; entretenimientos para no despecharse ante las deficiencias culinarias, momentos de

5. *Brisas Gallegas*, p. 9.

6. Número 10, 3 de marzo de 1895.

7. Jorge Martínez Jiménez, *Francisco Álvarez de Nôvoa. Beira o Barbaña. Paisaxes*, Sada, A Coruña: Edicións do Castro, 1993, p. LXIX.

engañarse uno a sí mismo, creyendo *dar golpe*, mientras se tiraba á un lado la historia clínica, ó se abandonaba la sala de operaciones, en fin, horas perdidas...⁸.

Presentan un especial interese as mencións ós actos composteláns nos que participa o autor. Así por exemplo, a composición «La flor del valle», que fora editada por primeira vez na revista da Habana *El Eco de Galicia*⁹, aparecerá recollida neste segundo libro engadindo unha nota ó pé onde o autor nos indica que fora lida na velada literario-musical celebrada nun teatro de Santiago o 10 de decembro de 1893, co fin de obter recursos para as víctimas galegas de Cabo Machichaco. O soneto, que leva por título «El mendigo», vai acompañado tamén dunha nota ó pé onde se indica que foi lido na velada literario-musical celebrada en Santiago, no Ateneo León XIII, o 8 de decembro de 1894. Estas e outras indicacións dan idea da actividade de Manuel Lois durante a súa estadía en Compostela, así como das relacións cos seus coetáneos.

Sen embargo, dentro da produción literaria de Manuel Lois Vázquez, serán os textos publicados nalgúns das revistas¹⁰ máis importantes da época os que presentan unha maior elaboración estética. Entre eles contamos sonetos e pequenas composicións en verso, artigos de costumes, contos, lendas, etc., de entre os que destacan especialmente dúas novelas históricas¹¹ de formato breve onde o autor amosa a súa mellor técnica. Por outra parte, moitas composicións que sabemos da súa autoría asinounas con diferentes pseudónimos.

Revistas nas que colaborou

Sendo Manuel Lois Vázquez natural da vila ourensá de Maside e tendo cursado os estudos primarios e mesmo o seu Bacharel no Instituto de Ourense, onde entra en contacto co ambiente cultural da época, resulta lóxica a súa asidua colaboración na revista dirixida por Lamas Carvajal *O Tío Marcos d'a Portela*. Tamén se recolle algúns textos seu na publicación *Álbum Literario*. Sabemos da súa amizade co director da mesma, Luciano Cid Hermida, que lle puidera vir a través de Xoán Sieiro González¹², director do Instituto de Ourense, tamén natural de Maside e que tivo

8. *Horas perdidas*, p. VII.

9. Número 6, 2 de maio de 1891.

10. Aparecen textos da autoría de Manuel Lois Vázquez en: *O Tío Marcos d'a Portela*, *O Galiciano*, *A Monteira*, *A Tía Catuxa*, *Álbum Literario* e *El Eco de Galicia*.

11. *Alira de Elfe*, publicada ó longo do ano 1890 no semanario lugués *A Monteira*, e *A Reina Loba*, publicada cando menos en parte no semanario pontevedrés *O Galiciano* e posteriormente completa en *O Tío Marcos d'a Portela* no ano 1889.

12. Sabemos por Ramón López Vázquez (*A filosofía krausista en Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias «Ramón Piñeiro», 1994, pp. 11-19) que Xoán Sieiro González naceu en Maside en 1835. Cursou bacharelato no Instituto de Ourense e Teoloxía no seminario, aínda que non chegou a ordenarse. Nos anos sesenta desprazouse a Madrid, remata Filosofía e Letras, e entra en contacto cos ambientes progresistas do momento. Preocupado polo ensino, moveuse nos círculos Krausistas, precursores da Institución Libre de Enseñanza, e fundou en Madrid un colexio con esa ideoloxía, onde impartían clases algúns dos que serían importantes personalidades progresistas, coma Nicolás Salmerón, que había ser presidente do Congreso, fundador do Partido Republicano Progresista e máis tarde presidente da República.

unha gran relevancia na traxectoria deste escritor (como nolo confirma o feito de ser el quen escribiu o prólogo ó primeiro libro do autor *Brisas Gallegas*).

Manuel Lois Vázquez tamén foi colaborador da revista pontevedresa *O Galiciano*, fundada en 1884 por Roxelio Lois. ¿Cal era o vínculo do autor masidao coa devandita revista? Sabemos que Manuel Lois tiña un curmán xornalista, Xosé Rodríguez Lois¹³, que exercía de veterinario en Cambados, e temos noticia de que na casa deste pasaba Manuel Lois longas tempadas durante o verán. Un fillo deste parente, chamado Baldomero Lois, era xornalista; de xeito que el puidera ser quen puxera en contacto a Manuel Lois Vázquez co ambiente cultural que se movía ó redor da cidade de Pontevedra. Este puidera ser o seu vínculo coa revista *O Galiciano*, na que ambos colaboraron en múltiples ocasións. Ademais, este feito propicia que o masidao entre en contacto con outros personaxes pontevedreses que tiveran relevancia naquela época. Entre estes amigos tamén se conta outro xornalista, Francisco Portela Pérez¹⁴, quen gozaba de certo prestixio dende que en 1882 publicara na súa cidade unha das máis coñecidas antoloxías do rexurdimento, *Colección de poesías gallegas de algunos autores*. Portela era asiduo colaborador da prensa galega do momento, e en 1886 fundara o semanario *A tía Catuxa*. Esta amizade será a que explique tamén a colaboración de Manuel Lois Vázquez nesta revista.

Descoñecemos cál puido ser o vínculo de Manuel Lois Vázquez coa revista luguesa *A Monteira*, onde tamén se recolle parte da súa obra.

Mesmo rexistramos algunha colaboración esporádica (dúas póstumas en galego) no semanario da Habana *El Eco de Galicia*¹⁵. O vínculo con esta revista semanal, que fora a primeira publicación periódica galega de Cuba e de América e que comezara a circular o 8 de marzo de 1878¹⁶, puidéralle vir a Manuel Lois por un sobriño seu, chamado Leopoldo, quen fora alcalde republicano e emigrara a Cuba, onde traballou como administrador dunha librería chamada «La moderna poesía», nun local situado na Calle do Obispo; que fora relativamente importante no mundo cultural da illa.

Os pseudónimos utilizados

As composicións do escritor que localizamos e que non aparecen asinadas co seu nome, recóllense baixo o pseudónimo de ‘Mefistófeles’, ou, ocasionalmente, baixo os anagramas de ‘Leunam Siol’ e ‘Munelasoli’.

Sieiro volveu de novo a Galicia como catedrático de Instituto en Pontevedra, primeiro, e logo trasladouse a Ourense, onde publicou a maior parte da súa obra *Socioloxía, Principios de Antropología psíquica lógica, La escuela de Artes y oficios en Orense*.

13. Datos xenerosamente cedidos polo profesor Gonzalo Navaza Blanco, da Universidade de Vigo.
14. Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981, p. 506. «Francisco Portela Pérez (Pontevedra 1862-1918). En 1886 fundou o semanario *A tía Catuxa*. Colaborou en toda a prensa galeguista, como *O Tío Marcos d'a Portela*; *A Monteira*; *Galicia*, de Martínez Salazar; *Revista gallega*, de Salinas; e, por suposto, *O Galiciano*, de Pontevedra. Publicou unha *Colección de poesías gallegas d'alguns autores*, Pontevedra, 1882 e un cadro de costumes en prosa titulado *Notas descriptivas sobre as romarías en Galicia*, Pontevedra: Imprenta e comércio d'Andrés Landín, 1896.
15. *El Eco de Galicia*, 6, 2 de maio de 1891; 5, 14 de novembro de 1891; 2, 15 de julio de 1899; 6, 3 de novembro de 1900. Datos facilitados xenerosamente polo profesor Francisco Ogando Vázquez.
16. Xosé Neira Vilas, *Índice da revista El Eco de Galicia (A Habana, 1878-1901)*, Sada, A Coruña: Ediciós do Castro, 1988, p. 7.

Manuel Lois utilizou os pseudónimos sobre todo nas súas composicións en verso. E pensamos que o fixo como un simple xogo literario, xa que non foi o pudor o que o motivou a facer uso deles, pois as súas primeiras composicións aparecen recollidas na revista *O Tío Marcos d'a Portela* asinadas co seu nome.

Será na revista pontevedresa *O Galiciano* onde faga uso dos pseudónimos con maior asiduidade. Nela asina por primeira vez con ‘Munelasoli’ a composición «Sempre te adouro», recollida na ‘paróla’ 190 do 30 de setembro de 1888 e reeditada posteriormente no libro *Brisas Gallegas*¹⁷. Neste mesmo libro tamén se recollen as composicións¹⁸ «A miña gaita», «Non m’envanecen esas falsas grorías», «Á amiga, Señorita, Doña Rafaela Santouro Borraxo», «Ó pé d’o mar», «Voumex», «O enterro», todos eles recompilados posteriormente en *Brisas Gallegas*. Pero á súa vez tamén se rexistran nesta revista¹⁹ unha serie de composicións moi breves, sen ningún título e que non recolleu posteriormente en ningún dos seus volumes. Tampouco reeditou os seguintes textos²⁰: «A febre d’o día», onde reflexiona acerca do tema da emigración, o caciquismo, a desigualdade social e a ineficacia do goberno; a reseña tan polémica do libro de Roxelio Lois, titulada «Pelra... antre sexilos»; «Solfeo», a súa contestación ós artigos que Xan da Tomeza publicara na revista *O Novo Galiciano*; e a composición que leva por título «O poeta»; todas elas editadas anteriormente na revista pontevedresa e asinadas con ese mesmo pseudónimo, ‘Munelasoli’.

Tamén no *Galiciano* será onde por primeira vez empregue o pseudónimo ‘Mefistófeles’, esta vez nun texto narrativo que leva por título «Fantisia», recollido na ‘paróla’ 216 do 31 de marzo de 1889. Tamén utilizará ese pseudónimo nas composicións²¹ «A Quinza», reeditada en *O Tío Marcos d'a Portela*, ‘parrafeo’ 276, 17 de xuño de 1889; «D’escape», «Soneto» (á tódal-as mozas qu’o leran), as composicións «¿Casóme? e a peza titulada «Soneto» (ós iniciadores d’o Certáme musical pr’ás prousimas festas d’a Peligrina en Pontevedra), posteriormente recollidos no seu libro *Brisas Gallegas*²².

Nas aportacións á revista ourensá *O Tío Marco d'a Portela* o autor mostrouse máis parco no emprego dos pseudónimos, recolléndose só nunha ocasión ‘Mefistófeles’, asinando o relato titulado «A Quinza», que xa publicara con anterioridade, como apuntamos máis arriba, baixo o mesmo pseudónimo. Doutra banda recollemos dúas composicións en verso «O enterro»²³ e «A miña gaita»²⁴, que reeditou máis tarde en *Brisas Gallegas*²⁵.

17. *Brisas Gallegas*, p. 121.

18. *O Galiciano*, parólas 195, 18 de novembro de 1888; 203, 30 de decembro de 1888; 205, 13 de xaneiro de 1889; 123, 10 de marzo de 1889; 124, 17 de marzo de 1889; 228, 23 de xuño de 1889.

19. *O Galiciano*, parólas 210, 17 de febreiro de 1889; 211, 24 de febreiro de 1889; 122, 3 de marzo de 1889; 215, 24 de marzo de 1889; 217, 7 de abril de 1889; 218, 14 de abril de 1889; 219, 21 de abril de 1889; 220, 28 de abril de 1889; 221, 5 de maio de 1889; 222, 12 de maio de 1889; 223, 19 de maio de 1889.

20. *O Galiciano*, parólas 196, 25 de novembro de 1888; 202, 23 de decembro de 1888; 207, 27 de xaneiro de 1889; 224, 26 de abril de 1889.

21. *O Galiciano*, paróla 222, 1 de maio de 1889. Reeditada en *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 276, 17 de xuño de 1889. *O Galiciano*, parólas 224, 26 de xuño de 1889; 228, 23 de xuño de 1889; 229, 30 de xuño de 1889; 230, 7 de xullo de 1889.

22. *Brisas Gallegas*, p.p. 101 e 128.

23. *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 282, 30 de xuño de 1889.

24. *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeo 255, 25 de novembro de 1888.

25. *Brisas Gallegas*, Lugo: Tipografía de Gerardo Castro, 1890, p.p. 30 e 108.

Nesta mesma revista ourensá, tamén empregou o anagrama ‘Leunam Siol’. Como xa apuntamos unhas liñas más arriba, recollemos algunha colaboración de Manuel Lois na revista *A Tía Catuxa*, onde aparecen dous textos asinados por ‘Mefistófeles’ que pertencen ó autor: a fábula «Homes listos»²⁶, que recollerá anos máis tarde César Armando Gómez²⁷ na obra *Antología de fábulas*, e a churrusqueira composición «¡Qué demo de cousas!». Ámbalas dúas colaboracións recólleas Manuel Lois posteriormente no libro *Horas perdidas*²⁸.

A motivación do uso dos pseudónimos

A causa do emprego de pseudónimos, ademais de ser unha práctica frecuente en moitos autores do século XIX, pensamos que responde unicamente a unha vontade lúdica por parte de Manuel Lois, como o demostra o xogo anagramático que oculta o seu nome. E producto do divertimento tamén parece ser a denominación ‘Mefistófeles’ que puidera responder ó seu carácter conflictivo con algúns escritores coetáneos. A este respecto, lembremos a polémica sostida con Heraclio, que fora compaño do Instituto de Ourense e de quen era amigo, segundo sinala Manuel Lois na dedicatoria do poema «A Tempestá»²⁹, datado no 1887, e co que posteriormente se enemistarán, como se recolle nunhas colaboracións na revista ourensá *Álbum literario*³⁰. O conflicto foi provocado por unhas declaracions de Manuel Lois Vázquez en *O Galiciano*³¹, onde publica unha conversa mantida entre os dous escritores na rúa do Vilar, en Santiago. Nos artigos Manuel Lois afirma que Heraclio sostén que o texto «Defensa das mulleres», que presentara Enrique Labarta, fóralle entregado a Filomena Dato Muruais para que lle servise de modelo; e que a lenda de Heraclio titulada «Bodas d'a Morte» estaba designada para o premio que ofrecera o Señor Vila pero, por oponerse Heraclio ó Señor Arteaga, non llo deran. Heraclio nega que sexa súa tal afirmación e insulta a Lois violentamente. A inimizade perdurou, pois Heraclio volve a tachalo de mal poeta no seu conto «O can de San Roque»³², anos máis tarde.

A causa dunha colaboración súa na revista pontevedresa *O Galiciano*, tamén se orixina a polémica do noso escritor con Xan da Tomeza. O motivo foi unha reseña³³ de Manuel Lois gabando a publicación do libro titulado *Pelra... antre Seixos* da autoría de Roxelio Lois, director deste semanario pontevedrés. A xuízo da crítica este libro carece dunha elevada calidade estética, por iso Xan da Tomeza descalificará ó seu autor e ós seus aduladores na publicación *O Novo Galiciano*³⁴. De Manuel Lois, que asinara co pseudónimo ‘Munelasoli’, afirma Xan da Tomeza:

26. *A Tía Catuxa*, 11, 4 de xaneiro de 1891.

27. César Armando Gómez, *Antología de fábulas*, Barcelona: Labor, 1969, p. 627.

28. *Horas perdidas*, pp. 16-18.

29. *O Galiciano*, Paróla 176, 7 de agosto de 1887.

30. Números, 75, 7 de xullo de 1889 e 83, 1 de setembro de 1889.

31. Paróla 201, 16 de decembro de 1888 e paróla 232, 21 de xullo de 1889.

32. «... que non arrepare en xurar que son máis mal feitos que os versos de Lois de Maside ou de Pinal do Carballiño, que entre nós sea dito, son piores que on dor de barriga». Heraclio Pérez Placer, *Contos da terraña*, A Coruña: Biblioteca Gallega de Andrés Martínez Salazar, 1895.

33. *O Galiciano*, paróla 202, 23 de decembro de 1888.

34. Números, 19, 23 de decembro de 1888; 20, 30 de decembro de 1888; 21, 6 de xaneiro de 1889; 22, 13 de xaneiro de 1889 e 23, 20 de xaneiro de 1889.

«cambeando as sílabas deste pseudónimo baixo o principio de que anque se altere o órde de colocación d'os fautores non varía o produto, ven sendo igoal a «¡Mula! ¡so! neli», o cal é o que lle quero decir a este portador de albardas, pra detelo neste camiño que enganado quere seguir...». Advertimos ó lector que a estas manifestacións subxace o enfrentamento que xa ven de antigo con varios membros do grupo de xente que colabora na revista pontevedresa *O Galiciano*. A relación de Manuel Lois con Xoán Manuel Rodríguez de Cea [Xan da Tomeza] non debeu ser moi cordial, pois o de Maside tíñalle dedicado na sección ‘Fungueirazos’ da revista *O Galiciano* un poema satírico que leva por título «Xerigonga... ¿ou qué?»³⁵ onde o ataca duramente. Na composición Lois acúsaو de ser un fachendoso, de utilizar sen xeito as fórmulas latinas, mesmo co seu can e ademais de ter vergoña da súa orixe galega, referíndose a el con estes termos: «é galleguiño con faldras (anqu'o desleigado queira facers' estrano d'a pátria)...»

Aínda que anteriormente atribuímos a unha vontade lúdica a utilización dos pseudónimos, observamos que o autor prefire a utilización do termo ‘Mefistófeles’ nas composicións que teñen un carácter máis grave; predomina, pois, o seu emprego nos múltiples «Sonetos» e mesmo nalgúns dos seus textos narrativos. En cambio, as numerosas composicións breves que se recollen ó longo do *Galiciano* que carecen de título son preferentemente asinadas con ‘Munelasoli’, aínda que isto non se ve cumprido en tódalas ocasións.

Teresa Monteagudo

Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias
«Ramón Piñeiro»

35. *O Galiciano*, parola 166, 1 de abril de 1888. Reeditado posteriormente na revista luguesa *A Monteira*, 38, 21 de xuño de 1890 e recollido no seu libro *Brisas Gallegas*, pp. 52-55.